

DISTRIBUCIÓN DE TAREFAS PARA A SEMANA DO 15 DE ABRIL AO 17 DE ABRIL DE 2020

| MÉRCORES 15 | XOVES 16 | VENRES 17 |
|--|---|---|
| MATEMÁTICAS: Página 106, ejercicios: 21, 22 y 23. LENGUA CASTELLANA: Página 133, ejercicios: 1, 2, 3 y 4. LINGUA GALEGA: Página 117, ejercicios: 3 e 4. | MATEMÁTICAS: Página 108, ejercicios: 27, 29 y 30. LINGUA GALEGA: Páxina 117, exercicios: 6 e 7. OBRADOIRO LINGÜÍSTICO- MATEMÁTICO: Realizar a actividade de Educación Responsable que se describe máis abaixo. | LENGUA CASTELLANA: Página 133, ejercicios 5 y 6 (copia el poema en tu libreta). LINGUA GALEGA: Páxina 118: Copia os dous poemas na libreta e ilústraos. Logo mide os versos de cada un deles. |

ACTIVIDADE DE EDUCACIÓN RESPONSABLE

Tod@s sabedes que estamos inmersos no Programa de Educación Responsable. Este é o terceiro e derradeiro curso. Para seguir traballando coas emocións, as titoras de cuarto curso propoñemos a seguinte tarefa para este tempo de permanencia na casa.

Nun folio anotade todas as emocións que se vos ocorran (mínimo 10).

Logo, anotade o día en que sentistes algunha desas emocións e escribide cal foi a causa que a provocou. Podedes titular esta actividade como: “Diario emocional”. Esta tarefa irédela facendo cada día ou cada dous días. O día final para entregala será o vindeiro venres 24 de abril.

Exemplo de como facer esta tarefa:

Emocións: Alegría, aburrimiento, calma, ira, tranquilidade, tristeza, resignación, ansiedade, nerviosismo, expectación, interese, enfado, aceptación, agobio, estrés, irritabilidade, felicidade, decepción, morriña, paz, satisfacción, frustración, impotencia, cariño,...

DIARIO EMOCIONAL

- **Alegría:** Hoxe, martes 24 de marzo de 2020, sinto alegría porque fai un día precioso e a min os días con sol alégranme moito.
- **Tranquilidade:** Ademáis, tamén estou tranquila porque estamos todos na casa.
- **Descontento e enfado:** Hoxe, 25 de marzo de 2020, ando algo enfadada e descontenta conmigo mesma porque levanteime con ganas de traballar moito e ao final non fixen NADA. E non fixen nada porque recibín tantas chamadas e mensaxes da miña familia, do traballo, do médico,... que non puiden facer todo o que tiña pensado. Isto fai que esté descontenta e enfadada.
- **Satisfacción:** Hoxe, 26 de marzo de 2020, atópome moi satisfeita porque traballei e fixen todo (ou case todo) o que tiña programado para onte.
- ...
Moito ánimo!!!